

Primeira solicitude en anos para unha antena de telefonía en Monforte

As dificultades para instalar novas torretas manteñen algunhas zonas sen cobertura na comarca

Carlos Cortés | 17/12/2008

Valoración (1 votos)

Facía anos que unha empresa de telefonía móbil non presentaba unha petición de licenza para pór a funcionar unha antena no centro urbano de Monforte ou os seus arrededores. E iso a pesar de que só dous das tres operadoras teñen cuberta practicamente toda a localidade. A solicitante dispón dun terreo no tramo da travesía Vale Inclán máis afastado do centro urbano, á altura da antiga cerámica.

A empresa que quere o permiso é Orange, precisamente a que nestes momentos fai chegar o seu sinal con máis dificultades a Monforte. Telefónica e Vodafone dispoñen de dúas estacións cada unha. Telefónica ten unha no edificio da súa sede na avenida de Galicia e outra no barrio da Estación. Vodafone tamén dispón dunha na Estación e dunha segunda no centro, tamén na avenida de Galicia pero o cruzamento coa rúa das Huertas . O único que ten Orange é unha antena portátil instalada sobre unha furgoneta aparcada na subestación eléctrica de cálea Escultor Francisco Moure.

Que Orange tarde tanto en asentar infraestrutura en Monforte teñen probablemente que ver coa conflitividade que, tamén aquí, xeran este tipo de instalacións. As antenas da Estación e a da rúa das Huertas foron duramente contestadas fai ao redor de cinco anos polos veciños das casas máis próximas, que tiñan as consecuencias que puideren ter as emisións radioeléctricas para a súa saúde. No caso das Huertas , técnicos especializados acudiron a facer medicións e demostraron que a intensidade das emisións estaban moi por baixo dos límites legalmente permitidos.

Media ducia na comarca

As operadoras de telefonía adoitan queixarse das dificultades coas que se atopan para conseguir terreos desde os que rebotar o seu sinal para móbiles. Nos municipios que rodean Monforte hai ao redor de media ducia de antenas en servizo. Pero non son suficientes.

Na comarca quedan algunhas zonas de sombra nos que utilizar o móbil é pouco menos que imposible. Por exemplo na estrada que vai de Monforte a Escairón e en boa parte do municipio do Saviñao.

A solicitude presentada por Orange para instalar unha torreta na travesía Vale Inclán estará exposta nas oficinas municipais de Monforte durante un período de dez días hábiles, a contar desde hoxe. Ese é o prazo durante o que se poderán presentar alegacións en contra do proxecto.

Compartir

[¿Como compartir?](#)



Foto de arquivo da antena de Vodafone na avenida de Galicia

| A. LÓPEZ

Noticias + vistas

1. [Cazado un conductor novel a 217 kilómetros por hora en la Transcantábrica a su paso por Vilalba](#)
2. [Cinco trabajadores de Toñi Vicente la acusan por el impago de dos meses de salario](#)
3. [Aprehenden en Muxía cuatro toneladas de cocaína desembarcadas de la planeadora varada en Aguiño](#)
4. [«Nadie sabe dónde puede acabar»](#)
5. [Toñi Vicente cierra su restaurante en Santiago](#)

AHORA EN PORTADA DE LAVOZ.ES

- [China roza los 300 millones de usuarios de Internet](#)
- [Un inglés tarda 26 años en resolver el cubo de Rubik](#)
- [Rechazado por su madre](#)
- [Cortada la A-6 en Lugo por un accidente con tres camiones y un furgón implicados](#)
- [El cine francés se viste de luto por la muerte de Claude Berri](#)
- [El gas ruso ya viaja hacia Europa](#)
- [Rescatan a 20 niños del hogar donde un sacerdote y una monja abusaban de ellos](#)
- [El médico juzgado por abusos en Asfedro lo niega pero defiende el uso del sexo para rehabilitación](#)
- [Vuelve la nieve](#)
- [Obama ordenará cerrar Guantánamo la primera semana de su mandato](#)

ENLACES PATROCINADOS

1. ibanesto.com – Hipoteca AZUL – Cambio de Hipoteca

Pásate a la Hipoteca AZUL, ven a ibanesto.com –tu low cost banking: Euribor +0,38%, 0€ Comisiones
www.ibanestocambiodehipoteca.com

[ADSL](#) [CREDITOS](#) [FOTOGRAFIA](#) [HIPOTECAS](#) [INFORMATICA](#) [MOTOR](#) [REGALOS](#) [VIAJES](#)

Webs do grupo [RadioVoz](#) [Voz Audiovisual](#) [Sondaxe](#) [Canalvoz](#) [Voz Natura](#) [Fundación](#) [Prensa Escola](#) [Escola de Medios](#)

Anuncios Clasificados [Inmobiliaria](#) [Motor](#) [Emprego](#) [Mercadillo](#)

Tarifas web [Consulta](#)

Contacte connosco webvoz@lavoz.es

[Aviso legal](#)

[Política de privacidad](#)

[Condicións xerais](#)

[RSS](#)



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)

R.M. da Coruña: tomo 2438 do Arquivo, Sección Xeral, folio 114 vto., folia C-2141. CIF:

A-15000649.

Comercializa publicidade local:

Comercializa publicidade nacional: